



MORENO, P. L. e VIÑAO, A. (coords.) (2017). *Imagen y educación. Marketing, comercialización y didáctica (España, siglo XX)*. Madrid: Morata.

A obra coordinada por Pedro Luis Moreno Martínez e Antonio Viñao Frago saíu á luz como froito do proxecto de investigación homónimo que, financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade, foi desenvolvido entre os anos 2014 e 2017 por parte dun equipo interdisciplinario de docentes da Universidade de Murcia. Un proxecto que xorde como prolongación das iniciativas que, baixo os auspicios do Centro de Estudos sobre a Memoria Educativa (CEME), xa viñan desenvolvendo os membros do equipo de traballo nas dúas últimas décadas.

É oportuno sinalar que, coma noutros campos dos estudos históricos, tamén no campo histórico educativo se foi tomando conciencia da necesidade de examinar o

que en termos xerais poderíamos cualificar como o «cotián» para captar e poder interpretar con máis certeza e adecuación as prácticas sociais, neste caso as educativas, e superar, así, o que máis habitualmente se viña examinando: as declaracións políticas, os ditados normativos, as recomendacións académicas. Unha das vías de acceso a esta observación veu dada polo coñecido como «xiro visual». O CEME e os seus mentores abriron entre nós, xunto a algunhas outras investigadoras, este escenario de busca, que neste caso termina explicitándose no presente texto.

O libro presenta unha selección das principais achegas –e, nalgúns casos, as versións ampliadas e actualizadas– que parte dos membros do grupo de investigación efectuou (tanto a través da súa difusión en congresos como en diversas revistas) en relación con: o estudo da cultura material das institucións educativas; a evolución dalgúns campos disciplinares como as ciencias naturais, a física, a química, as ciencias sociais, ou as matemáticas; e a recuperación, conservación, estudo e difusión do patrimonio e memoria educativa, tamén no que respecta ao patrimonio icónico.

Estas liñas de indagación concréntanse na análise de tres soportes diferentes que, tal e como se expresa na introdución da monografía, se converten nos eixos principais arredor dos que xira o proxecto e, igualmente, os bloques de contido nos que se estrutura a obra: as tarxetas postais e as fotografías como instrumentos de propaganda e publicidade de diversas iniciativas educativas; os catálogos de material científico, didáctico e escolar producidos e distribuídos por casas comerciais; e os cadernos e os traballos elaborados por parte

de alumnas e alumnos nas aulas ou ben producidos e impresos por editoriais escolares.

De tal modo, mediante textos en que, xunto aos coordinadores, tamén interveñen M.^ª José Martínez Ruíz-Funes, José Damián López, Luisa López, Dolores Carrillo, Ana Sebastián, Raquel Sánchez, Laura Arias e Alejandro Ejea, é posible que nos acheguemos ao lugar da imaxe publicitaria como representación da «modernidade pedagóxica», ao papel das imaxes na promoción da educación popular, ás representacións das ciencias nos libros escolares, e mesmo tamén á pervivencia dos estereotipos.

Así, o traballo ofrece unha valiosa contribución ao estudo das representacións a través de diferentes soportes e contextos, poñendo de relevo as potencialidades e os usos da imaxe como fonte para a historia da educación e, particularmente, para o estudo da cultura material e inmaterial das institucións educativas e das diversas disciplinas escolares, incidindo, polo tanto, no seu valor patrimonial.

Podemos indicar, por fin, que de modo complementario ao presente texto, durante 2017 o CEME realizou na Universidade de Murcia unha atractiva exposición¹ arredor do xénero dos cadernos escolares descubriendo unha ampla variedade de formatos e de motivos para a súa escrita e edición, como mostra do interese polas escrituras ordinarias e como exercicio de microhistoria, ao tempo que valoraba a súa importancia como fonte para unha historia das disciplinas escolares, sen perder de vista que

os cadernos escolares son unha «complexa», pero valiosa fonte.

Uxía BOLAÑO AMIGO
USC



ÁUREA ADÃO, *O ensino primário no Portugal de Oitocentos (1820-1880): génese e estruturação político-administrativa.* (Lisboa: HISTEDUP, 2018).

Nota Introdutória

Primeiro libro da Associação de História da Educação de Portugal, reforçando a identidade deste grupo de investigadores portugueses que têm investido nas últimas décadas na afirmación desta área científica em Portugal. Esta obra reafirma e valoriza o noso patrimonio intelectual e material, aproveitando a generosidade e partilha de uma das mellores representantes deste grupo (diría a nossa matriarca) que, ge-

¹ Viñao Frago, A. *et alii* (2017). *Los cuadernos escolares: entre el texto y la imagen.* Murcia: Edit. Um, 2017.